Concello de Barbadás

**Expediente:** 6816/2026

**Procedemento:** Subvencións por concorrencia non competitiva

**Proposta** de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria das axudas municipais á creación de empresas do Concello de Barbadás para o ano 2026

José Manuel Morgade Méndez, concelleiro de Promoción Económica, formulo a seguinte proposta:

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO CONCELLO DE BARBADÁS PARA O ANO 2026**

**BASE 1ª OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

**1.1. Obxecto e finalidade**

As presentes bases teñen por obxecto regular os requisitos e condicións que rexerán a convocatoria para a concesión da subvención ao abeiro do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS do Concello de Barbadás.

A finalidade é colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio, apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais, favorecendo a creación de actividade económica e promovendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprendemento.

**1.2 Principios de xestión**

A xestión destas subvencións realizarase conforme aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

**1.3. Exclusións**

Quedan excluídas do ámbito desta convocatoria:

a) As actividades incluídas en convenios de colaboración subscritos co Concello de Barbadás.

b) As persoas ou entidades que non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases reguladoras.

c) As solicitudes relativas a actividades ilícitas, irregulares ou que incumpran a normativa aplicable, especialmente en materia tributaria, laboral, administrativa, urbanística ou sectorial.

**1.4. Incompatibilidades**

As subvencións reguladas nestas bases serán compatibles con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou entidade pública ou privada, sempre que o importe conxunto das axudas non supere o custo total da actividade subvencionada e se respecte, cando resulte de aplicación, o réxime de axudas de minimis previsto na normativa da Unión Europea.

As persoas ou entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Barbadás a obtención ou solicitude doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, nos termos establecidos nas presentes bases e na normativa aplicable.

**1.5. Persoas beneficiarias**

Terán a condición de beneficiario as persoas empresarias individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de abril de 2024 e o 31 de decembro de 2025.

Para estes efectos, entenderase por inicio da actividade a data de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a declaración censual correspondente (modelo 036 ou 037), ou, cando proceda, a data de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.).

Para a consideración de PEME terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea.

**1.6 Requisitos xerais das persoas beneficiarias**

As persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir, no momento de presentar a solicitude e manter durante o período que corresponda, os seguintes requisitos:

- Que a empresa teña o seu domicilio fiscal e o centro de traballo no Concello de Barbadás.
- Que sexan empresas de nova creación. Consideraranse incluídos neste concepto os

traspasos de negocios cando supoñan unha nova iniciativa empresarial, quedando excluídos aqueles realizados entre cónxuxes ou parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións da forma xurídica da empresa.

• Que a posta en marcha da actividade implique a creación, como mínimo, dun posto de traballo, incluído o correspondente á persoa promotora cando proceda.

• Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.

• Non ter débedas co Concello de Barbadás, nin a empresa nin as persoas socias. No caso de persoas xurídicas, este requisito será esixible á entidade solicitante e, cando proceda, ás persoas obrigadas segundo a normativa aplicable.

• Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as persoas empresarias e pequenas empresas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de persoas xurídicas, esta prohibición será aplicable tanto á entidade solicitante como ás persoas socias cando proceda.

• Dispoñer da capacidade administrativa, financeira e operativa necesaria para garantir o cumprimento das condicións da axuda.

• Presentar a solicitude acompañada da documentación esixida nas presentes bases.

**BASE 2ª.—NATUREZA, CONTÍA, GASTOS SUBVENCIONABLES E ORZAMENTO**

**2.1 Natureza e finalidade**

As axudas reguladas nas presentes bases teñen a natureza xurídica de subvención, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa aplicable.

As axudas terán carácter finalista e estarán destinadas a colaborar no financiamento dos gastos iniciais necesarios para a posta en marcha e desenvolvemento inicial da actividade empresarial, nos termos establecidos nas presentes bases.

**2.2 Tipo e contía das axudas**

A subvención poderá financiar ata o 50 % dos gastos subvencionables realizados e debidamente xustificados para a posta en marcha da actividade empresarial, sen que a contía concedida poida superar, en ningún caso, os 1.000 euros por persoa ou entidade beneficiaria.
A concesión da subvención quedará condicionada ao mantemento da actividade empresarial durante un período mínimo de dous anos, contados desde a data de inicio da actividade. Así mesmo, cando proceda, a persoa promotora deberá manter a súa alta no réxime correspondente da Seguridade Social durante o mesmo período.

**2.3 Gastos subvencionables**

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos iniciais que resulten necesarios para a creación e posta en marcha da actividade empresarial, estean directamente vinculados ao proxecto empresarial e cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.
Os gastos subvencionables deberán terse realizado dentro do período comprendido entre os dous meses anteriores á data de inicio da actividade e a data límite de presentación das solicitudes. En todo caso, deberán estar efectivamente pagados con anterioridade á presentación da solicitude.
Non terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que non garden unha relación directa coa actividade empresarial, non respondan de forma indubidable á finalidade da subvención ou incumpran os requisitos establecidos nas presentes bases ou na normativa de aplicación.

Poderán ser obxecto de subvención os seguintes gastos:

a) Gastos de constitución e posta en marcha da empresa:

- Gastos de inscrición no Rexistro Mercantil.
- Certificación negativa de nome da sociedade.
- Honorarios de notaría derivados da constitución da sociedade.

b) Adquisición de existencias iniciais de mercadorías, materias primas e outros consumibles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

c) Gastos de aluguer do local, vehículo industrial ou aplicacións e equipamentos necesarios para a actividade, sempre que quede acreditada a súa necesidade.

d) Primas de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial, incluíndo seguro do local, seguro de responsabilidade civil e, no seu caso, seguro dun vehículo cando resulte imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

e) Subministracións e gastos correntes directamente vinculados á actividade empresarial, tales como auga, teléfono, electricidade, gas, combustible, material de oficina, asesoría ou publicidade.

f) Gastos de publicidade, promoción, posicionamento SEO/SEM, creación de páxina web, dominio de internet e outros gastos de promoción empresarial.

Non serán subvencionables o IVE nin outros impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como aqueles gastos que non estean directamente relacionados coa actividade subvencionada.

**2.4 Orzamento e financiamento**

As axudas reguladas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241.470 do orzamento municipal do Concello de Barbadás correspondente ao exercicio 2026, cun crédito máximo de 20.000 euros.

A concesión das subvencións quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente no momento da resolución da convocatoria.

As contías individuais das subvencións estarán limitadas polos importes máximos establecidos nas presentes bases e pola dispoñibilidade do crédito orzamentario existente.

## BASE 3ª RÉXIME DE CONCESIÓN, COMPETENCIA E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

**3.1 Réxime de concorrencia non competitiva**

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 31.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

En atención ao obxecto e finalidade destas axudas, non resulta necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas. As subvencións concederanse ás persoas e entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases, resolvéndose os expedientes por rigorosa orde de presentación das solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.

Para os efectos de determinar a orde de prelación, considerarase como data e hora de entrada da solicitude no rexistro electrónico do Concello, sempre que reúna os requisitos e vaia acompañada da documentación preceptiva.

No caso de coincidencia na data e hora de presentación entre dúas ou máis solicitudes e de que o crédito disponible non sexa suficiente para atender íntegramente a todas elas, aplicarse o previsto na Base 5º.

Unha vez esgotado o crédito, non poderán concederse novas subvencións ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo da posibilidade de ampliación do crédito nos termos previstos na normativa de aplicación.

**BASE 4ª.—SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN**

**4.1 Solicitudes**

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude a través do trámite normalizado existente na Sede Electrónica do Concello, exclusivamente por medios electrónicos, consonte o previsto no artigo 14.2 e 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Barbadás.

Xunto co formulario de solicitude (anexo I) e anexo II debidamente cumplimentados, deberá anexarse a seguinte documentación prevista no apartado seguinte.

**4.2 Documentación**

a) Documentación acreditativa da persoa solicitante e da empresa

- Anexo III: Declaración responsable da persoa solicitante na que manifeste:
    - que cumpre os requisitos establecidos nas presentes bases;

- que non concorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas nos artigos 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións;
- que non solicitou nin obtivo outras axudas para a mesma finalidade ou, de ser o caso, relación detallada das solicitadas ou concedidas;
- e que os gastos presentados corresponden á actividade subvencionada.

- Documento acreditativo da alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) ou, de ser o caso, da declaración censual de alta na Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037).
- Documento nacional de identidade da persoa que presenta a solicitude e, cando actúe en representación doutra persoa ou entidade, documento acreditativo da representación.
- Licenzas, comunicacións previas, declaracións responsables ou demais títulos habilitantes que resulten esixibles para o exercicio da actividade, de conformidade coa normativa sectorial aplicable.
- De ser o caso, escritura pública de constitución da sociedade debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro público que corresponda.

b) Documentación xustificativa dos gastos subvencionables

1. Facturas correspondentes aos gastos para os que se solicita a subvención, expedidas a nome da persoa ou entidade solicitante e correspondentes a gastos realizados dentro do período subvencionable establecido nas presentes bases.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

- No caso de gastos de aluguer de locais, deberá achegarse tamén o correspondente contrato de aluguer.
- No caso de gastos por primas de seguros, deberá presentarse a correspondente póliza.

- Documento acreditativo do pagamento das taxas de licenzas, cando se solicite subvención por este concepto.

2. Xustificantes bancarios acreditativos do pagamento efectivo das facturas, nos que consten claramente identificados a persoa ordenante, a persoa beneficiaria, o importe, a data da operación e o concepto ou referencia que permita vincular o pagamento coa factura correspondente.

3. Relación dos gastos realizados segundo o modelo aprobado polo Concello.

4. Certificación bancaria acreditativa da titularidade da conta na que figure a persoa ou entidade solicitante como titular, na que conste o código IBAN.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade da documentación presentada. Excepcionalmente, o Concello poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais para o cotexo das copias achegadas.

**4.3 Prazo de presentación.**

O prazo de presentación das solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

As solicitudes tramitaranse por rigorosa orde de entrada ata o esgotamento do crédito dispoñible. Unha vez esgotado este, o órgano instrutor declarará esta circunstancia mediante resolución, que será publicada na sede electrónica e na páxina web municipal, sen que poidan concederse novas subvencións, salvo que se produza unha ampliación do crédito nos termos previstos na normativa de aplicación.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non vai acompañada da documentación preceptiva, requirirase á persoa interesada para que emende a falta no prazo de dez días hábiles, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co previsto no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 14 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, se algunha das empresas ou persoas traballadoras

autónomas solicitantes presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda da presentación electrónica. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución na que se desestimará a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2 letra g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade da documentación presentada. Excepcionalmente, o Concello poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais para o cotexo das copias achegadas.

**BASE 5ª.— INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.**

**5.1. Instrucción do procedemento.**

De conformidade co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o órgano instrutor será a Concellería de Promoción Económica.

O órgano instrutor poderá requirir a documentación ou aclaracións complementarias que considere necesarias para a correcta tramitación do procedemento.

O órgano instrutor comprobará a concorrencia dos requisitos establecidos e requiridos nas presentes bases, e formulará proposta de resolución provisional de concesión, que será notificado aos interesados de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, concedendo un prazo de dez días para a formulación de alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos/as interesados/as.

Neste caso a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

Cando o crédito dispoñible non sexa suficiente para atender integramente a última solicitude presentada, concederase a esta o importe correspondente ao crédito dispoñible restante.

Se varias solicitudes tiveran exactamente a mesma data e hora de presentación e o crédito restante non permitise atendelas integramente, o importe dispoñible repartirase proporcionalmente entre todas elas.

Unha vez esgotado o crédito dispoñible, o órgano instrutor declarará esta circunstancia mediante resolución, que será publicada na sede electrónica e na páxina web municipal, sen que se admitan novas solicitudes, salvo ampliación do crédito.

**5.2. Resolución do procedemento de concesión.**

O Alcalde será o órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención.

A resolución de concesión deberá ser motivada e conterá, como mínimo:

a) A identificación da persoa ou entidade beneficiaria.

b) O importe da subvención concedida.

c) As condicións ás que queda suxeita a concesión, de ser o caso.

d) A relación das solicitudes denegadas ou inadmitidas, con indicación da causa correspondente.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude completa, sen prexuízo das causas de suspensión do procedemento previstas no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo, de conformidade co disposto na normativa reguladora das subvencións.

A resolución será notificada ás persoas interesadas de conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A relación das subvencións concedidas será obxecto de publicación nos termos establecidos na normativa aplicable.

**BASE 6ª PAGAMENTO.**

O pagamento das subvencións concedidas realizarase nun único desembolso, mediante transferencia bancaria á conta indicada pola persoa beneficiaria na solicitude. Non procederá o pagamento anticipado.

O pagamento da subvención quedará condicionado a que a persoa ou entidade beneficiaria se atope ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como das súas obrigas co Concello de Barbadás, nos termos establecidos pola normativa aplicable.

De acordó co establecido na normativa aplicable, non se esixirá a constitución de garantías ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases.

A xustificación da subvención entenderase realizada mediante a presentación, xunto coa solicitude, da documentación acreditativa dos gastos subvencionables e do seu pagamento, segundo o establecido na base 4º.

## BASE 7ª OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias das subvencións estarán obrigadas a:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o Concello de Barbadás o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nas presentes bases, así como a realización da actividade e a aplicación dos fondos percibidos.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control e inspección que poidan realizar os órganos competentes, facilitando toda a información e documentación que lles sexa requirida.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante o prazo establecido pola normativa aplicable, co obxecto de poder ser sometidos ás actuacións de comprobación e control.

e) Comunicar ao Concello de Barbadás a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a mesma actividade ou finalidade.

g) Manter a actividade empresarial que motivou a concesión da subvención durante un período mínimo de dous anos. No caso de baixa ou modificación da actividade antes do transcurso deste prazo, a persoa beneficiaria deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Barbadás no prazo máximo de dez días desde que se produza o feito.

h) Manterse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Barbadás.

i) Respectar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, evitando calquera discriminación por razón de sexo, de conformidade coa normativa vixente.

**BASE 8ª.—SEGUIMENTO, PERDA DO DEREITO AO COBRO, REINTEGRO, RENUNCIA E RÉXIME SANCIONADOR**

**8.1 Seguimento e control**

O Concello de Barbadás, a través da Concellería de Promoción Económica e dos demais órganos competentes, poderá realizar cantas actuacións de comprobación, seguimento, inspección e control considere necesarias para verificar o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases, a veracidade da documentación achegada e a correcta aplicación dos fondos públicos concedidos.

As persoas ou entidades beneficiarias estarán obrigadas a facilitar canta información e documentación lles sexa requirida no exercicio destas actuacións.

**8.2 Perda do dereito ao cobro e reintegro**

O incumprimento por parte das persoas ou entidades beneficiarias das obrigas, requisitos ou condicións establecidos nas presentes bases poderá dar lugar, segundo proceda, á perda do dereito ao cobramento da subvención, á modificación da resolución de concesión ou ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, xunto cos intereses de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Procederá, en todo caso, o reintegro das cantidades percibidas nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na restante normativa de aplicación.

En particular, procederá o reintegro nos seguintes supostos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando circunstancias que impedisen a súa obtención.

b) O incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control que impidan verificar o cumprimento das condicións da subvención.

d) A obtención concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos incompatibles ou que, sendo compatibles, determinen que o importe conxunto das axudas supere o custo da actividade subvencionada.

e) O incumprimento da obriga de manter a actividade empresarial durante o prazo mínimo de dous anos establecido nas presentes bases. Neste suposto poderá acordarse o reintegro total ou parcial da subvención, atendendo ao grao de incumprimento e ao tempo de mantemento efectivo da actividade, de conformidade co principio de proporcionalidade.

**8.3 Modificación da resolución**

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, deberá ser comunicada ao Concello de Barbadás e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, ao inicio do correspondente procedemento de reintegro.

**8.4 Renuncia**

As persoas ou entidades beneficiarias poderán renunciar voluntariamente á subvención concedida, de conformidade co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común e na normativa de subvencións.

**8.5 Réxime sancionador**

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na restante normativa que resulte de aplicación.

BASE 9ª. PUBLICIDADE

**9.1 Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas**

A presente convocatoria, as bases reguladoras e os modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2026 do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Barbadás publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que dará traslado ao Boletín Oficial da Provincia de Ourense do extracto da convocatoria, de conformidade co disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, as bases reguladoras e os modelos normalizados de solicitude estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Barbadás, no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica municipal.

9.2 Publicidade das subvencións concedidas

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Edictos do Concello de Barbadás e na páxina web do Concello www.barbadas.es.

9.3 Publicidade do financiamento público

As persoas beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Barbadás. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Promoción Económica e estará dispoñible para a súa descarga na web do Concello.

As persoas beneficiarias estarán obrigadas a subministrar ao Concello de Barbadás, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno.

BASE 10ª.—PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polo Concello de Barbadás, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de tramitar, xestionar, controlar e, se é o caso, realizar o seguimento das subvencións reguladas nestas bases, así como para o cumprimento das obrigas legais derivadas da súa concesión.

O tratamento dos datos realizarase de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de

decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na restante normativa que resulte de aplicación.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, nos termos previstos na normativa vixente, mediante solicitude dirixida ao Concello de Barbadás, sen prexuízo dos demais dereitos que lles recoñeza a lexislación aplicable.

BASE 11ª.—TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Barbadás dará publicidade ás subvencións concedidas mediante a súa publicación na páxina web municipal e, se é o caso, nos demais medios previstos na normativa de aplicación.

A información publicada incluirá, cando proceda, a identificación das persoas ou entidades beneficiarias, o importe das subvencións concedidas, a finalidade das axudas e, de ser o caso, as sancións e demais información que deba facerse pública conforme á normativa vixente.

A publicidade das subvencións e o tratamento dos datos persoais realizaranse de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coa restante normativa de aplicación, limitándose aos datos estritamente necesarios para dar cumprimento ás obrigas legais de publicidade e transparencia.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Interpretación das bases.

Corresponderá ao órgano competente para a concesión das subvencións, previo informe da Concellería de Promoción Económica cando resulte necesario, a interpretación das presentes bases reguladoras e a resolución das dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.

Segunda. Réxime xurídico supletorio.

Para todo aquilo non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a demais normativa que resulte aplicable.

Terceira. Entrada en vigor.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria producirán efectos desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE